

Venres, 4 de xuño de 2021

Núm. 105

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

PROVISIÓN TEMPORAL EN RÉXIME DE COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE "XEFE/A DE FESTAS"

ANUNCIO

Por resolución da Concelleira delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal de data 1 de xuño de 2021, dispónse o seguinte:

“PRIMEIRO.- Ordenar que conforme á orde de inicio de expediente de data de sinatura electrónica, se aprobe a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante “Xefe/a Festas” Cód. 269, coas características seguintes:

Requisitos do posto de traballo segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo:

Grupo de titulación: A1/A2

CD: 26

CE: 650

Tipo: Singularizado

Escala: Administración Especial

Subescala: Técnica, Clase Superior ou Media.

Titulación: 12, 15, 20, 22, 23, 24, 25, 26, 33, 34, 35, 36, 40, 42, 46, 50, 56, 59, 64, 65, 66, 67, 75 e, 76.

Formación Específica: Ningunha

Praza asociada: Prazas grupos A1 e A2 das ramas de coñecemento “Artes e Humanidades”, “Ciencias Sociais e Xurídicas” e, “Enxeñería e Arquitectura” recollidas no artigo 12.4 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Relación Laboral: Funcionario/a de carreira.

Forma de provisión: Libre Designación

Situación: Vacante



Venres, 4 de xuño de 2021

Núm. 105

SEGUNDO.- As solicitudes se dirixirán á Excm. Alcaldía-presidente do Concello de Vigo e se presentarán de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, por el que se aproba o “Reglamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos” e normativa de concordante aplicación.

Como queira que os solicitantes, de conformidade co establecido no artigo 14.2 Lei 39/2015, de 1 outubro teñen a consideración de obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, deberán presentar a solicitude na sede electrónica do Concello de Vigo, <https://sede.vigo.org/expedientes/sede>; durante un prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude conterá, cando menos, os datos persoais do/da solicitante, dirección, número de teléfono fixo/móbil dirección de correo electrónico, xunto cunha copia simple do DNI en vigor.

As solicitudes deberán acompañarse ademais, das certificacións e documentos xustificativos dos requisitos exixidos na presente convocatoria, a saber:

- Certificación expedida pola Administración de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario de carreira e que reúne os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, nos termos da normativa vixente e segundo a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (apartado Primeiro de la Resolución)
- Currículum vitae que conteña relación individualizada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan.
- Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

* Os/as empregados públicos ao servizo do Concello de Vigo non terán que presentar a documentación que estea en poder do Concello (artigo 53 da Lei 39/2015).

TERCEIRO.- A duración da comisión de servizos será a necesaria para proceder a cubrir a vacante con carácter definitivo, toda vez que, tal e como vén exposto na orden de inicio, o presente procedemento extraordinario de comisión de servizos se inicia a fin de evitar os prexuízos para o interese público que implicaría a falta de cobertura do referido posto; e tendo presente que se atopan iniciadas actuacións para a aprobación de nova RPT adaptada ás determinacións da Lei 2/2015, de 29 de abril, a fin de que todos os postos de traballo reservados a funcionarios de carreira dos subgrupos A1 e A2 provisionalmente ocupados, se provean mediante fórmulas de concurso ordinario ou específico/concurso de traslados; procedendo unha vez aprobada á convocatoria pública para a cobertura definitiva dos devanditos postos. Por este motivo



Venres, 4 de xuño de 2021

Núm. 105

procedería a súa provisión temporal en comisión de servizos ata a provisión definitiva e en todo caso, coa duración máxima de 1 ano prorrogable por outro, nos termos do marco normativo de aplicación.

CUARTO.- Ordenar a publicación da Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e na Intranet Municipal.”

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, se poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, términos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se interpuxo o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

MDG/bl

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño

